

### ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE APERTURA DOS SOBRES «A» E «B»

Reunidos no salón de actos da casa consistorial, o día 27.06.13, ás 11:30 horas, constitúese a mesa de contratación para a adxudicación que rexerá a poxa, por procedemento aberto, para a adxudicación dos postos de venda de alimentos no Mercado Municipal de Abastos do Concello de Ponte Caldelas, formada por D. Perfecto Rodríguez Muíños, que actuará como presidente, D. Jacobo Barreiro Pimentel (secretario da corporación), D<sup>a</sup> Maruxa Cabaleiro Cuiñas (interventora da corporación), Mónica Valle Cabirta, Técnico de emprego, D<sup>a</sup> Celia Rodríguez Adán, funcionaria, que actuarán como vogais, e, por último, D<sup>a</sup> Iria Fernández Peón, funcionaria dos servizos xerais, que actuará como secretaria da mesa.

En data 26.06.13 reuniuse a mesa de contratación e notificou a D<sup>a</sup> María Luz Rodríguez Simal un requirimento de documentación. A interesada, en data 27.06.13 presenta a documentación de subsanación.

No día da data o presidente acorda proceder a examinar formalmente a documentación presentada e a secretaria dá fe da relación de documentos que constan.

A mesa de contratación declara admitidas as seguintes proposicións:

1. Carmen García Soaje
2. María Luz Rodríguez Simal

No expediente quedan todas as proposicións presentadas.

Na cláusula 16 dos pregos establécese que: "O mesmo día da apertura da documentación citada ou ó día seguinte de finalización do prazo de subsanación establecido no párrafo anterior, a Mesa procederá á apertura dos sobres que conteñen a oferta económica (sobre B), acto que será público."

Procédese á apertura dos sobres «B», co seguinte resultado:

1. Carmen García Soaje

O modelo de proposición que presenta axústase ó oficial, ANEXO III, e ofrece polo posto nº C4 o prezo de concesión de 150 € (cento cincuenta euros), para venda de pescado ó polo miúdo.

2. María Luz Rodríguez Simal

O modelo de proposición que presenta axústase ó oficial, ANEXO III, e ofrece polo posto nº C7 o prezo de concesión de 125,05 € (cento vintecinco euros con cinco céntimos), para a venda de pescado en salazón de todo tipo.

Á vista das proposicións presentadas decláranse como ofertas máis vantaxosas as seguintes:

1. Carmen García Soaje - posto nº C4 - prezo de concesión de 150 € (cento cincuenta euros).

2. María Luz Rodríguez Simal - posto nº C7 - prezo de concesión de 125,05 € (cento vintecinco euros con cinco céntimos).

Decláranse como desertos os seguintes postos: C3, C5, C6 e L3.

Establecer un prazo de dez días hábiles, a contar dende o día seguinte a aquel en que recibira o requirimento, para que presenten a documentación xustificativa de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias, coa Seguridade Social e co Concello de Ponte Caldelas e que constitúan a garantía definitiva do 5 por 100 (cinco por cento) do importe de adxudicación, IVE excluído.

Que se publique a presente Acta no Perfil do Contratante, no Taboleiro de anuncios do Concello de Ponte Caldelas e que se lle notifique ás interesadas.

O presidente dá por terminada a reunión ás 11:45 horas e, para que quede constancia do tratado, eu, a secretaria, redacto a acta, que someto á sinatura do presidente e dos vogais, e dou fe.

Ponte Caldelas, 27 de xuño de 2013

A mesa de contratación

Asdo.: Perfecto Rodríguez Muíños

Asdo.: Jacobo Barreiro Pimentel

Asdo.: Maruxa Cabaleiro Cuiñas

Asdo.: Mónica Valle Cabirta

Asdo.: Celia Rodríguez Adán

Asdo.: Iria Fernández Peón

